

Contribución Departamentos ao plan TIC do Centro.

BIOLOXÍA e XEOLOXÍA

CASTELÁN

CIENCIAS SOCIAIS - XEOGRAFÍA E HISTORIA

EDUCACIÓN FÍSICA

EDUCACIÓN PLÁSTICA

FÍSICA

FRANCÉS

GALEGO

INGLÉS

LATÍN - GREGO

MATEMÁTICAS

MÚSICA

ORIENTACIÓN

RELIXIÓN

TECNOLOXÍA

.....

BIOLOXÍA e XEOLOXÍA

A necesidade de que as tecnoloxías da información se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino e aprendizaxe fai que sexa conveniente resaltar dun xeito máis concreto estes obxectivos nas programación didácticas. En concreto perséguese conseguir os seguintes obxectivos:

- Fomentar a páxina web do centro e a do Departamento como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Diseñar actividades para potenciar o acceso igualitario das alumnas e alumnos ás novas tecnoloxías e á información subministrada por Internet, mediante a incorporación de diferentes modelos de aulas TIC's á actividade docente.

ANEXO 1

- Impulsar a comunicación con outros centros de ensino do noso entorno e con outras localidades para realizar proxectos comúns.
- Experimentar cos novos métodos de ensinanza, novas tecnoloxías e novas formas de levar a cabo as tarefas docentes de sempre, dirixidas a potenciar a capacidade de razoamento do alumnado e a súa motivación.
- Fomentar o uso do material audiovisual e informático existente no centro, tal como a aula de informática, os ordenadores portátiles e o canon de vídeo.

No primeiro ciclo da ESO fomentarase a busca por Internet de fotografías e esquemas que axuden a comprensión dos temas dados na clase, en concreto galaxias e os seus tipos, células procariotas e eucariotas, representantes dos cinco reinos, etc.

No segundo ciclo da ESO será prioritaria a busca de artigos de presa on-line acerca de temas como o medio ambiente, sexualidade, drogadicción, correcta alimentación, etc.

É importante o labor do profesorado cara ao ensino de formas de filtrado da información nos buscadores tipo *google* o *yahoo*. Por outra banda é imprescindible deixarlle claro ao alumnado que internet é un instrumento de comunicación tanto boa como mala, que calquera pode escribir un artigo en internet e por conseguinte non toda a información que se atopa na rede é certa nin científica.

CASTELÁN

Serán propostas unha serie de actividades encamiñadas á busca de información sobre determinados temas, á elaboración e presentación por parte dos alumnos e alumnas de actividades, ou a reforzar contidos dun xeito interactivo.

ANEXO 1

Entre as primeiras pediráselle, por exemplo, que visiten unha serie de páxinas das que destacamos as seguintes:

<http://cvc.cervantes.es/aula>

<http://www.rae.es/>

No tocante ao segundo tipo de actividades sinaladas, despois de buscar a información, poderán elaborala no programa de tratamento de textos (*Word*) para, finalmente, facer unha sinxela presentación audiovisual. Actividades deste tipo aparecen deseñadas nos propios libros de texto.

No terceiro caso, botaríamos man dunha serie de páxinas, que coincidirían desde un punto de vista xeral coas anteriormente citadas, e recomendaríamos a visita doutras para situacións máis concretas.

CIENCIAS SOCIAIS / XEOGRAFÍA E HISTORIA

1º ESO

Obxectivos:

- Emprego do material informático e audiovisual existente no Seminario de CC SS.
- Elaboración de novos recursos audiovisuais e adaptación de existentes presentes no mercado.
- Emprego dos recursos TIC do Centro.
- Utilización de páxinas web como recurso activo e interactivo.
- Contribución á mellora da páxina web do Cento e á do Departamento.
- Utilización da web do Departamento como recurso activo.

ANEXO 1

- Emprego da Departamento de Historia como “aula de recursos”.
- Utilización intensiva dos novos espazos creados no Centro, dotados con recursos informáticos e audiovisuais para o desenvolvemento das clases correspondentes a este Seminario

Proposta metodolóxica

- Uso habitual das novas tecnoloxías, empregando todos os recursos cos que conta o centro.
- O propósito fundamental é facer dos recursos TIC un material habitual para o desenvolvemento das materias e poñer ó alumnado en condicións de utilizar estes recursos de forma autónoma.

Actividades:

- Realización de presentacións audiovisuais, en Nero Vision e MS PowerPoint ou semellantes.
- Confección polos/as alumnos/as de traballos de Xeografía utilizando imaxes obtidas por Internet e presentación utilizando Word , Google Earth e Google maps.
- Utilización de contidos interactivos de diversas web para o traballo diario.
- Creación de presentacións audiovisuais nas que se poden integrar imaxe e voz para estimular a mellora da práctica lectora.
- Realización de carteis temáticos ou biográficos de importantes personaxes da historia e da arte, cos que se fará unha pequena galería que poderá, de haber espazo axeitado, servir de base para unha pequena galería musealizable.
- Na medida do posible empregaranse como procedemento os programas de aplicación como Corel Draw e Excel para a confección de esquemas e de gráficos.

Utilizaranse *modelos didácticos sinxelos*, ao alcance do/a profesor/a que saiba utilizar un editor de textos, enviar mensaxes e navegar por Internet, cuxa aplicación na aula facilite o seu traballo. Algúns dos modelos que pode utilizar o profesorado móstranse a continuación:

* O/A profesor/a tentará explicar ao máximo coa axuda dos recursos dixitais (encerado dixital, canón de vídeo ou televisión conectado ao ordenador da clase) para que o alumnado participe con preguntas, co que se realiza unha avaliación

formativa destes. Estes recursos dixitais permiten que as explicacións poidan ter un bo apoio audiovisual e mostrar todo tipo de materiais didácticos e webs relacionadas cos temas que se tratan.

* O alumnado pode tentar ilustrar as explicacións do/a profesor/a. Despois da explicación do/a profesor/a, os/as alumnos/as poden presentar e comentar animacións, presentacións en *power point*, imaxes, vídeos, etc..., relacionados co tema, que buscaron previamente en Internet ou, nalgún caso, confeccionaron persoalmente.

* O alumnado pode presentar os seus traballos en soporte dixital. Estes traballos serán realizados de maneira individual ou en grupo por encargo do/a profesor/a. O que se presenta serve de repaso para o resto dos/as alumnos/as e facilita a participación dos/as que queiran corrixir ou engadir algo. Foméntase a expresión oral e a argumentación. O/A profesor/a comenta, corrix e valora.

* Corrección "entre todos" de exercicios en clase. O/A profesor/a ou os/as propios/as estudantes por indicación do/a profesor/a, poden ir presentando e comentando os exercicios que realizaron en formato dixital ou en papel (neste último caso necesítase un proxector de transparencias para proxectar os exercicios). Todos poden expoñer dúbidas e ideas.

* A actualidade entra nas aulas. Proxectando as imaxes das noticias dos periódicos dixitais pódense comentar temas de actualidade relacionados coa materia, debater sobre conflitos, xulgar e explicitar valores, etc...

* Web Quests: O profesorado poderá guiar algún traballo en Internet onde o alumnado deberá descubrir por el mesmo, deberá chegar a conclusións mediante a indagación histórica en páxinas web.

* Exercicios "a medida". O/A profesor/a poderá encargar aos/ás alumnos/as que vaian realizando determinados exercicios; algúns poden ser autocorrectivos e outros requirirán que o/a alumno/a entregue un traballo. Por outro lado, a propia natureza da materia e o seu currículo implican un tratamento das Tecnoloxías da Información e Comunicación xa que grande parte de imaxes, mapas, fotos, animacións, poden ser

amosadas de xeito máis práctico a través da encerado dixital, primeiro, por cuestión física ou de espazo e segundo, por calidade das imaxes que, en papel, non sempre son ilustrativas da realidade.

2º ESO

Utilizaranse *modelos didácticos sinxelos*, ao alcance do profesorado: editor de textos, enviar mensaxes e navegar por Internet, etc, cuxa aplicación na aula facilite o seu traballo. Algúns dos modelos que pode utilizar o profesorado están recollidos no *plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación* do centro e móstranse a continuación:

* *O/A profesor/a tentará explicar ao máximo con axuda da encerado dixital, canón de vídeo ou televisión conectado ao ordenador para que o alumnado participe con preguntas*, co que se realiza unha avaliación formativa destes. Estes recursos dixitais permiten que as explicacións poidan ter un bo apoio audiovisual e mostrar todo tipo de materiais didácticos e webs relacionadas cos temas que se tratan.

* *O alumnado pode tentar ilustrar as explicacións do/a profesor/a*. Despois da explicación do/a profesor/a, os/as alumnos/as poden presentar e comentar animacións, presentacións en *power point*, imaxes, vídeos, etc..., relacionados co tema, que buscaron previamente en Internet ou, nalgún caso, confeccionaron persoalmente.

* *O alumnado pode presentar os seus traballos en soporte dixital*. Estes traballos serán realizados de maneira individual ou en grupo por encargo do/a profesor/a. O que se presenta serve de repaso para o resto dos/as alumnos/as e facilita a participación dos/as que queiran corrixir ou engadir algo. Foméntase a expresión oral e a argumentación. O/A profesor/a comenta, corrixe e valora.

* *Corrección "entre todos" de exercicios en clase*. O/A profesor/a ou os/as propios/as estudantes por indicación do/a profesor/a, poden ir presentando e comentando os exercicios que realizaron en formato dixital ou en papel (neste último caso necesítase

un *proxeutor de transparencias* para proxectar os exercicios). Todos poden expoñer dúbidas e ideas.

* *A actualidade entra nas aulas*. Proxectando as imaxes das noticias dos periódicos dixitais pódense comentar temas de actualidade relacionados coa materia, debater sobre conflitos, xulgar e explicitar valores, etc...

* *Web Quests*: O profesorado poderá guiar algún traballo en Internet onde o alumnado deberá descubrir por el mesmo, deberá chegar a conclusións mediante a indagación histórica en páxinas web.

* *Exercicios "a medida"*. O/A profesor/a poderá encargar aos/ás alumnos/as que vaian realizando determinados exercicios; algúns poden ser autocorrectivos e outros requirirán que o/a alumno/a entregue un traballo. Por outro lado, a propia natureza da materia e o seu currículo implican un tratamento das Tecnoloxías da Información e Comunicación xa que grande parte de imaxes, mapas, fotos, animacións, poden ser amosadas de xeito máis práctico a través da encerado dixital, primeiro, por cuestión física ou de espazo e segundo, por calidade das imaxes que, en papel, non sempre son ilustrativas da realidade.

2º ESO Educación para a cidadanía

A competencia dixital vai máis aló do uso de Internet ou a busca de información na rede, tamén debe ter en conta:

- A clasificación da información, o carácter das fontes, a fiabilidade, etc.
- O uso dos medios dixitais teñen que ir máis aló do mero uso como recompilador de información. Hai que ensinar ao alumnado a non só a usar o instrumento, senón a producir con el.
- Os medios dixitais de información non se reducen á Rede, senón que o vídeo, a música, as presentacións multimedia forman parte tamén do que coñecemos como medios dixitais.

Todo o mencionado será utilizado co obxectivo de interpretar, analizar, producir opinións e desenvolver argumentos. É tan importante atopar o que buscamos utilizando as TIC como utilizar o que atopemos dun xeito crítico.

3º ESO

Utilizaranse *modelos didácticos sinxelos*, ao alcance do profesorado: editor de textos, enviar mensaxes e navegar por Internet, etc, cuxa aplicación na aula facilite o seu traballo. Algúns dos modelos que pode utilizar o profesorado están recollidos no *plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación* do centro e móstranse a continuación:

- *O/A profesor/a tentará explicar ao máximo con axuda da encerado dixital, canón de vídeo ou televisión conectado ao ordenador para que o alumnado participe con preguntas*, co que se realiza unha avaliación formativa destes. Estes recursos dixitais permiten que as explicacións poidan ter un bo apoio audiovisual e mostrar todo tipo de materiais didácticos e webs relacionadas cos temas que se tratan.
- *O alumnado pode tentar ilustrar as explicacións do/a profesor/a*. Despois da explicación do/a profesor/a, os/as alumnos/as poden presentar e comentar animacións, presentacións en *power point*, imaxes, vídeos, etc..., relacionados co tema, que buscaron previamente ou, confeccionaron persoalmente.
- *O alumnado pode presentar os seus traballos en soporte dixital*. Estes traballos serán realizados de maneira individual ou en grupo por encargo do/a profesor/a. O que se presenta serve de repaso para o resto dos/as alumnos/as e facilita a participación dos/as que queiran corrixir ou engadir algo. Foméntase a expresión oral e a argumentación. O/A profesor/a comenta, corrixe e valora. A utilización da aula virtual do Centro será un soporte de recursos a disposición do alumnado e o sitio para colgar os traballos do alumnado no prazo e na forma requiridos.

ANEXO 1

- *Corrección "entre todos/as" de ejercicios en clase.* O/A profesor/a ou os/as propios/as estudantes por indicación do/a profesor/a, poden ir presentando e comentando os exercicios que realizaron en formato dixital ou en papel. Todos poden expoñer dúbidas e ideas.
- *A actualidade entra nas aulas.* Proxectando as imaxes das noticias dos periódicos dixitais pódense comentar temas de actualidade relacionados coa materia, debater sobre conflitos, xulgar e explicitar valores, etc...
- *Web Quests:* O profesorado poderá guiar algún traballo en Internet onde o alumnado deberá descubrir por el mesmo, deberá chegar a conclusións mediante a indagación en páxinas web.
- *Exercicios "a medida".* O/A profesor/a poderá encargar aos/ás alumnos/as que vaian realizando determinados exercicios; algúns poden ser autocorrectivos e outros requirirán que o/a alumno/a entregue un traballo. Por outro lado, a propia natureza da materia e o seu currículo implican un tratamento das Tecnoloxías da Información e Comunicación xa que grande parte de imaxes, mapas, fotos, animacións, poden ser amosadas de xeito máis práctico a través da encerado dixital, primeiro, por cuestión física ou de espazo e segundo, por calidade das imaxes que, en papel, non sempre son ilustrativas da realidade.

4º ESO

Utilizaranse *modelos didácticos sinxelos*, ao alcance do profesorado: editor de textos, enviar mensaxes e navegar por Internet, etc., cuxa aplicación na aula facilite o seu traballo. Algúns dos modelos que pode utilizar o profesorado están recollidos no *plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación* do centro e móstranse a continuación:

* *O/A profesor/a tentará explicar ao máximo con axuda da encerado dixital, canón de vídeo ou televisión conectado ó ordenador para que o alumnado participe con preguntas*, co que se realiza unha avaliación formativa destes. Estes recursos dixitais

permiten que as explicacións poidan ter un bo apoio audiovisual e mostrar todo tipo de materiais didácticos e webs relacionadas cos temas que se tratan.

* *O alumnado pode tentar ilustrar as explicacións do/a profesor/a.* Despois da explicación do/a profesor/a, os/as alumnos/as poden presentar e comentar animacións, presentacións en *power point*, imaxes, vídeos, etc..., relacionados co tema, que buscaron previamente ou, confeccionaron persoalmente.

* *O alumnado pode presentar os seus traballos en soporte dixital.* Estes traballos serán realizados de maneira individual ou en grupo por encargo do/a profesor/a. O que se presenta serve de repaso para o resto dos/as alumnos/as e facilita a participación dos/as que queiran corrixir ou engadir algo. Foméntase a expresión oral e a argumentación. O/A profesor/a comenta, corrixe e valora.

* *Corrección "entre todos/as" de exercicios en clase.* O/A profesor/a ou os/as propios/as estudantes por indicación do/a profesor/a, poden ir presentando e comentando os exercicios que realizaron en formato dixital ou en papel (neste último caso necesítase un *proyector de transparencias* para proxectar os exercicios). Todos/as poden expoñer dúbidas e ideas.

* *A actualidade entra nas aulas.* Proxectando as imaxes das noticias dos periódicos dixitais pódense comentar temas de actualidade relacionados coa materia, debater sobre conflitos, xulgar e explicitar valores, etc...

* *Web Quests:* O profesorado poderá guiar algún traballo en Internet onde o alumnado deberá descubrir por el mesmo, deberá chegar a conclusións mediante a indagación histórica en páxinas web.

* *Exercicios "a medida".* O/A profesor/a poderá encargar ós/ás alumnos/as que vaian realizando determinados exercicios; algúns poden ser autocorrectivos e outros requirirán que o/a alumno/a entregue un traballo. Por outro lado, a propia natureza da materia e o seu currículo implican un tratamento das Tecnoloxías da Información e Comunicación xa que grande parte de imaxes, mapas, fotos, animacións, poden ser amosadas de xeito máis práctico a través da encerado dixital, primeiro, por cuestión

física ou de espazo e segundo, por calidade das imaxes que, en papel, non sempre son ilustrativas da realidade.

4º ESO Educación Ético-Cívica

Utilizaranse *modelos didácticos sinxelos*, ao alcance do profesorado: editor de textos, enviar mensaxes e navegar por Internet, etc, cuxa aplicación na aula facilite o seu traballo. Algúns dos modelos que pode utilizar o profesorado están recollidos no *plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación* do centro e móstranse a continuación:

O cine forma parte do noso imaxinario colectivo e, por iso, ofrece unha oportunidade case única para a análise das formas de representación do mundo social no que vivimos polo que optamos por un uso do cine, non simplemente instrumental, senón tamén crítico e conformador das nosas representacións. O cine debe producir espazos e tempos escolares onde se xere a reflexión e a polémica.

O obxectivo central das actividades con secuencias cinematográficas é darlle ó alumnado a posibilidade de reflexionar sobre as súas ideas acerca de si mesmo e do mundo en que vive, de xeito que a secuencia sirva para que nos situemos cognoscitivamente no tema e poida producir marcos valorativos (éticos e políticos).

A natureza das actividades esixe que se deixe sentir a voz do alumnado, creando unha comunidade de diálogo que estimule a capacidade de elaborar respostas ante os conflitos sociais.

** O/A profesor/a tentará explicar ao máximo con axuda da encerado dixital, canón de vídeo ou televisión conectado ao ordenador para que o alumnado participe con preguntas, co que se realiza unha avaliación formativa destes. Estes recursos dixitais permiten que as explicacións poidan ter un bo apoio audiovisual e mostrar todo tipo de materiais didácticos e webs relacionadas cos temas que se tratan.*

** O alumnado pode tentar ilustrar as explicacións do/a profesor/a. Despois da explicación do/a profesor/a, os/as alumnos/as poden presentar e comentar*

animacións, presentacións en *power point*, imaxes, vídeos, etc..., relacionados co tema, que buscaron previamente ou, confeccionaron persoalmente.

* *O alumnado pode presentar os seus traballos en soporte dixital*. Estes traballos serán realizados de maneira individual ou en grupo por encargo do/a profesor/a. O que se presenta serve de repaso para o resto dos/as alumnos/as e facilita a participación dos/as que queiran corrixir ou engadir algo. Foméntase a expresión oral e a argumentación. O/A profesor/a comenta, corrix e valora.

* *Corrección "entre todos" de exercicios en clase*. O/A profesor/a ou os/as propios/as estudantes por indicación do/a profesor/a, poden ir presentando e comentando os exercicios que realizaron en formato dixital ou en papel (neste último caso necesítase un *proxeutor de transparencias* para proxectar os exercicios). Todos/as poden expoñer dúbidas e ideas.

* *A actualidade entra nas aulas*. Proxectando as imaxes das noticias dos periódicos dixitais pódense comentar temas de actualidade relacionados coa materia, debater sobre conflitos, xulgar e explicitar valores, etc...

* *Web Quests*: O profesorado poderá guiar algún traballo en Internet onde o alumnado deberá descubrir por el mesmo, deberá chegar a conclusións mediante a indagación histórica en páxinas web.

* *Exercicios "a medida"*. O/A profesor/a poderá encargar ós/ás alumnos/as que vaian realizando determinados exercicios; algúns poden ser autocorrectivos e outros requirirán que o/a alumno/a entregue un traballo. Por outro lado, a propia natureza da materia e o seu currículo implican un tratamento das Tecnoloxías da Información e Comunicación xa que grande parte de imaxes, mapas, fotos, animacións, poden ser amosadas de xeito máis práctico a través da encerado dixital, primeiro, por cuestión física ou de espazo e segundo, por calidade das imaxes que, en papel, non sempre son ilustrativas da realidade.

EDUCACIÓN FÍSICA

Neste curso propoñemos unha serie de actividades nas que incluimos o uso das novas tecnoloxías na nosa materia.

Creación de materiais didácticos: Co uso da fotografía dixital elaboraremos unha serie de paneis con fotografías dos alumnos/as, elaboradas por eles/as mesmos/as, nas que se expoñerán o xeito correcto de facer determinados exercicios. Os apuntes teóricos das UD colgaranse na páxina Web do Centro e na Aula Virtual para a súa consulta polo alumnado.

Creación de vídeos e fotografías: Realizaremos vídeos e fotografías en determinadas sesións (expresión corporal, equilibrios, habilidades ximnásticas...) para poder visionalas despois na clase e analizar erros ou poder observarse a si mesmos/as. Tamén realizaremos fotografías e vídeos nas actividades extraescolares para despois facer exposicións das actividades realizadas.

Creación de táboas e rexistros informatizados: Os/as profesores/as de EF elaboran materiais didácticos en soporte informático: rexistro das notas do alumnado, baremos de probas físicas realizadas ao alumnado, outros rexistros.

Busca de información en internet: Utilizaremos a busca en internet para obter información sobre lugares, actividades extraescolares, para completar información sobre temas relacionados coas unidades didácticas que esteamos a tratar ou tamén para obter información sobre temas de actualidade en relación coa materia. O profesorado manterase ao día e informaremos tamén ao alumnado de calquera tema de interese como convocatorias para actividades extraescolares fóra do horario lectivo ou temas que xurdan ao longo do curso.

Utilización de canón ou retroproxección para visionado de contidos en relación coas Unidades Didácticas: Utilizaremos estes materiais para as sesións teóricas como apoio ás explicacións da/o profesora/profesor. Tamén para ver vídeos ou

información relacionada coa unidade didáctica.

Comunicación profesores/as-alumnado: O alumnado disporá dunha dirección de correo electrónico para poñerse en contacto co profesorado, consultar dúbidas ou pedir información.

EDUCACIÓN PLÁSTICA

1. No seu momento O Departamento de Debuxo solicitou a Comisión de Coordinación Pedagóxica, si fora posible, a instalación de material informático e audiovisual na súa aula específica de plástica: canón e ordenador. Efectuouse a instalación, isto permite a utilización do ordenador portátil e o canón para o visionado dos CDS e CDROMS animados de unidades didácticas da programación.

Na ESO “Descubrir experimentar e crear” para 1º e para 3º e 4º “Observar interpretar e expresar”



En 1º bacharelato o alumnado traballa co libro “Practicas de debuxo técnico I” o libro e un caderno de traballo formado por láminas en papel e dispón do contido en CD ROM .



ANEXO 1

En 2º de bacharelato aproveitamento dos recursos do centro para visualizar a páxina da CIUGA os exames e solución de selectividade.



2. Visionado das fotografías dixitais dos traballos dos alumnos/as no canón.
3. .Buscar e consultar páxinas web para obter información.
4. Coñecer as características propias do debuxo por ordenador e identificar as partes mais importantes dun sistema CAD empregado para a creación de debuxos técnicos.
 - coñecer os elementos e seus accesorios e periféricos adecuados (módulo central, dispositivos de entrada, rato, tableta dixitalizadora, teclado, pantalla,escáner, etc.
 - Recoñecer un posto de traballo dun sistema de debuxo asistido por ordenador.
5. Utilizar os recursos informáticos para a creación de deseños gráficos (logotipos, rótulos, carteis,etc.)

FÍSICA E QUÍMICA

3º ESO

A pesar do escaso número de sesións dispoñibles (2 semanais), e dependendo do número de alumnos/as na aula e da dispoñibilidade dos recursos do centro (aula de informática, canón de vídeo,..), durante este curso perseguiremos:

1. O emprego de presentacións en *Power Point* de elaboración propias e/ou proporcionadas polas editoriais no traballo na aula en diferentes unidades didácticas.
2. O emprego, por parte da profesora ou do alumnado de distintos **applets** relacionados no apartado de recursos.
3. A realización dunha práctica virtual sobre a lei de Boyle na Web de Educaplus.

ANEXO 1

4. O emprego da folla de cálculo Excel para realizar representación gráficas de datos experimentais das leis dos gases.

5. Uso das Web relacionadas na páxina [Web do Departamento de FQ/3ºESO](#) e na [Aula Virtual](#) para buscar información, visualizar animacións e realizar actividades en distintas unidades.

4º ESO

Ademais do uso do ordenador, canón de vídeo e encerado dixital pola profesora, o departamento solicitou poder impartir unha clase semanal na aula de informática co fin de que o alumnado poida facer uso das Tic, sobre todo aquel alumnado que non ten acceso desde a súa casa.

1. Emprego de presentacións e animacións e applets por parte da profesora para explicar algúns contidos.

2. Realización de actividades e prácticas virtuais na aula de informática por parte de cada alumno/a.

3. Emprego da folla de cálculo para tratar os datos experimentais, tanto das prácticas de laboratorio como nas virtuais, sobre todo en cinemática.

4. Estudo individualizado do alumnado en páxinas Web dalgúns contidos do curso.

5. Realización de actividades obrigatorias e /ou voluntarias na Aula Virtual.

Nota : Os recursos TIC seleccionados para usar este curso están incluídos na [Aula Virtual](#) do curso e na [Web do departamento de FQ/4º ESO](#)

FRANCÉS

Recursos: Páxina web do centro, *pendrive*, ordenador portátil, *webcam*, micrófono, procesador de textos... No bacharelato usamos os mesmos recursos que na ESO.

ANEXO 1

Contidos: Traballos de expresión escrita, comentarios curtos sobre francés lingua estranxeira, selección de informacións da prensa francesa relacionados co respecto ao medio natural...

Actividades: o alumnado presentará os seus traballos na páxina web do centro e no blog da biblioteca. Como dispoñemos de ordenadores na aula de clase os/as alumnos/as utilizan o ordenador para a busca de documentación ou información en cada momento que se necesite. Tamén len a presa francesa, escoitan cancións, fanse exercicios, etc...

Manteremos na medida do posible contactos con centros europeos a través de ETwinning que nos permite entaboar conversas e realizar traballos por videoconversas.

GALEGO

Unha das destrezas que se pretende potenciar é a súa capacidade para documentarse con autonomía. Daquela, unha das actividades a realizar é a busca de información, que se ve facilitada coa axuda das novas tecnoloxías. A competencia no tratamento da información dixital, permite complementar a obtención de información, fomentar a lectura e mellorar as súas habilidades para a selección, análise, organización e síntese para acadar o coñecemento. Este departamento tentará contribuír a integrar a transformación que nos últimos anos se vén experimentando no campo da adquisición e procesamento da información mediante un progresivo aumento das estratexias vinculadas ás TIC's.

INGLÉS

Desde hai varios anos, as novas tecnoloxías resultan un recurso potente e motivador cun alto grao de aceptación por parte do alumnado. Desde o Departamento de Inglés propoñemos as seguintes actividades:

- Gravación en vídeo dixital de cancións ou pequenas pezas teatrais interpretadas polo alumnado. Mediante esta actividade, conseguimos que durante un período de tres ou catro meses os/as alumnos/as traballen co inglés dentro e fóra da aula, e esa gravación final constitúe a motivación e recompensa a todo o seu traballo.
- Mellorar, utilizando CD roms interactivos, as destrezas auditivas, escritas e orais do alumnado.
- Confeccionar fichas de películas en inglés ou biografías de escritores/as, cantantes, actores... buscando datos en Internet (www.famousbirthdays.com ou www.biography.com, www.imdb.com.)
- Practicar vocabulario con xogos tales como *crosswords*, *hangman*, (www.englishclub.com)
- Traballar *online* on xornais e revistas en inglés. A partires dos titulares, o alumnado suxerirá a información que contén a noticia. Outra actividade é encontrar e comentar as distintas seccións do xornal.
- Traballar con cancións en www.lyrics.ch/search.htm. Pódese buscar información sobre un/ha artista específico: datos biográficos, número de álbums editados, maiores éxitos, concertos previstos nun futuro próximo... Con todos estes datos, os/as alumnos/as elaborarán un traballo que será presentado en inglés ao resto dos/as seus/súas compañeiros/as.
- Traballar en *projects* acadando información na rede, para conseguir mellorar as diferentes destrezas, así como a aprender a traballar en grupo.

- Exercicios de gramática: *verb tenses, reported speech, conditionals...* usando o material impreso que existe na biblioteca ou facéndoos “online” en páxinas como www.englishlearner.com ou www.englishpage.com entre outras moitas.
- Traballar “online” para mellorar a destreza auditiva en páxinas como www.esl-lab.com/, ou www.learnenglish.britishcouncil.org/en/ con conversas, en <http://www.tellyads.com/> con publicidade, ou en <http://moviesegmentstoassessgrammargoals.blogspot.com.es/> con películas.
- Ver películas, documentais, series de televisión ou anuncios de libre acceso na rede , para mellorar as destrezas de *listening* e *speaking*.
- Subiranse actividades realizadas na aula á aula virtual do centro.

LATÍN / GREGO

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo das linguas e cultura clásicas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, etc. Neste senso, facilitarémolle ao alumnado os medios precisos para que poida traballar no ordenador coa materia correspondente.

Os ámbitos de fomento das TIC por parte deste Departamento serán os seguintes:

ANEXO 1

- Uso do correo electrónico por parte da profesora para distribuír materiais entre o alumnado que no precisan ser impresos.
- Utilización por parte do alumnado das súas contas de correo electrónico para o envío á profesora de traballos e materiais non impresos.
- Tentar a posta en marcha da Aula Virtual na que o alumnado poida desenvolver a aprendizaxe, estudo e repaso dalgúns apartados concretos da materia.
- Consulta e busca de información na internet, tanto na aula multimedia ou de informática durante os períodos lectivos como na biblioteca nos recreos ou na propia casa.

MATEMÁTICAS

Todas as aulas dispoñen de canón de vídeo o que facilita a proxección de materiais. Porén, non contamos con aula de informática con suficiente capacidade e dispoñibilidade como para poder realizar todas as prácticas informáticas que serían interesantes e importantes nesta materia, e que poderían motivar ao alumnado. Adaptándonos aos recursos do centro trataremos de realizar as seguintes actividades.

- Proxeccións Power-Point de elaboración propias ou aproveitando os recursos de internet.
- Utilización do soporte informático proporcionado polas editoriais: libro do/a profesor/a, solucionarios....
- Utilización da aula virtual do centro para facilitar material extra ao alumnado, subir información e mesmo solicitar a realización de tarefas a través deste medio.
- Emprego de follas de cálculo para os temas de estatística.

ANEXO 1

- Emprego de programas matemáticos como DERIVE (No Departamento temos o programa DERIVE con licenza para usar no centro) ou GEOGEBRA.
- Proxeccións de vídeos de cálculo mental para a realización das probas de cálculo mental (1º ciclo ESO).
- Proxeccións de vídeos que teñan relación coa materia impartida.
- Uso de páxinas de internet relacionadas coas matemáticas: redemat, a páxina de Agapema, a páxina da CIUG para alumnado do bacharelato....
- Uso de recursos matemáticos dispoñibles na rede como a calculadora WIRIS (calculadora na rede, www.wiris.com) ou o programa Descartes.

MÚSICA

Se en todas as materias a introdución das novas tecnoloxías é un feito crecente e necesario, no caso da música amósasenos a día de hoxe un fenómeno indispensable. O salto cualitativo dado na gravación e reprodución do son, así como a súa unión co mundo da imaxe, supón para nós un pilar básico no noso quefacer pedagóxico. Continuando o fío de traballos realizados en cursos pasados, o Departamento de Música planea agora novos retos.

Obxectivos:

- Empregar e optimizar o material audiovisual e informático do Departamento, e do Centro, convertendo o seu uso en algo inherente á práctica pedagóxica cotiá.
- Crear e reformar materiais informáticos utilizados na materia como recursos didácticos.

ANEXO 1

- Actualizar e mellorar a páxina Web do Departamento de Música.
- Ofrecer ao alumnado produtos audiovisuais nos que sexa o/a protagonista.

Proposta metodolóxica e actividades:

- *Gravación con karaoke*, dirixida principalmente a alumnos/as de 2º ESO que teñen na frauta de pico unha das súas principais ferramentas para acercarse ao mundo da música. Trátase de gravar a súa participación solista por riba dun acompañamento musical pregravado e que poidan logo escoitalo.
- *Recitando na aula*, dirixida a 3º ESO, consiste na gravación de poesías nas voces do alumnado ás que logo se lle engade música que se coordina cunha presentación de imaxes. En colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, propoñemos para o curso 2014/15, un monográfico sobre a poesía popular no que cada membro da comunidade educativa poida ler unha estrofa de poesía popular. Tras editar en CD o traballo, colgarase na páxina Web do Departamento a modo de Podcast.
- *Facendo música*. Edición dun CD gravando por pistas, voces e instrumentos dos/as alumnos/as de 4º ESO e 1º Bacharelato.
- *Imaxes da música*. Dirixida ao alumnado de 2º Bacharelato, e realizado por eles/as, constituiría a confección dunha presentación audiovisual en Nero Vision e Power Point, que recolla imaxes importantes da historia da música.
- *As voces do IES Chapela* tratará de gravar nunha breve intervención a os/as alumnos/as, profesores/as durante o curso 2014/15. O obxectivo é poñer os cimentos dunha paisaxe sonora vocal que pode complementarse en anos posteriores e enriquecerse con voces gravadas desde o ano 1993.

Contidos:

Cool Edit, Power Point, Nero Vision, Movie Maker, Flash...

Avaliación:

A avaliación positiva do proxecto será proporcional ao número das actividades finalmente deseñadas e ao grao de aprobación e satisfacción do alumnado, verdadeiro protagonista de moitas delas. Valorarase o proceso de aprendizaxe conseguido na confección das actividades e o seu resultado final.

ORIENTACIÓN

Débese partir da base que a aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación é unha peza clave no traballo da aula para educar e formar as novas xeracións. O uso das TIC's tamén ten cabida no Plan de Actividades do Dpto. de Orientación e máis concretamente no Plan de Acción Titorial.

Obxectivos xerais do Plan de Integración das TIC
<ul style="list-style-type: none">▪ Dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento▪ Saber transmitir información en distintos soportes
Obxectivos específicos relacionados co Plan de Actividades do Dpto. de Orientación e co PAT
<ul style="list-style-type: none">▪ Fomentar os valores democráticos▪ Facilitar o tratamento da diversidade e a atención ao alumnado con necesidade de apoio▪ Fornecer o alumnado de estratexias para obter información de interese

<p>relacionada coa orientación académica e profesional</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar o ordenador como medio de creación e expresión das propias ideas ▪ Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais

REPARTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS		USO DAS TIC's NA HORA DE TITORÍA
1º ESO	Educación para a Paz Educación Medio Ambiental	En 1º da ESO as Tecnoloxías da Información e da Comunicación serán empregadas no desenvolvemento do Proxecto Interdisciplinar, que terá nalgúns momentos puntuais interrelación cos temas traballados na titoría. Neste nivel levarase a cabo a lectura colectiva de <i>A increíble historia do... mago do balón</i> e elaborarse material audiovisual[presentacións, guía de lectura..]
2º ESO	Educación para a Saúde Educación para o Lecer	En 2º da ESO as TIC's serán empregadas na elaboración das actividades creativas das actividades relacionadas cos educación para a saúde e co plan lector [<i>Unha estrela no vento</i>].
3º ESO	Educación para o Consumo Educación para a Igualdade	En 3º da ESO as TIC's serán empregadas nas actividades relacionadas coa igualdade e co plan lector [<i>El diario azul de Carlota</i>].
4º ESO	Educación Vial Educación Afectivo - Sexual	En 4º da ESO as TIC's serán empregadas en relación co plan lector, na orientación académico profesional, e nas actividades relacionadas coa educación vial. [<i>Palabras envenenadas</i>].

ANEXO 1

Á parte das actividades previamente planificadas empregaranse as TIC's en calquera ocasión que sexan oportunas, potenciando o seu uso entre todo o alumnado e o profesorado do centro.

Con respecto ao Plan de Acción Titorial hai que sinalar que o profesorado titor conta cunha serie de informes colgados na páxina web do instituto, que poden ser cumprimentados *on line* sen ter que facer fotocopias, o que supón unha postura de respecto ao medio ambiente ao reducir o consumo de papel.

RELIXIÓN

Uso de presentacións en Power Point, realizacións de traballos por parte dos/as alumnos/as buscando información en internet, traballos na Aula Virtual...

TECNOLOXÍA

O tratamento específico das tecnoloxías da información e da comunicación está integrado especificamente nunha parte dos contidos. Contribúen ao uso das TIC's as aprendizaxes que incidan na confianza no uso dos ordenadores, nas destrezas básicas asociadas a un uso suficientemente autónomo destas tecnoloxías e que contribúan a familiarizarse suficientemente con eles. En todo caso, están asociados ao seu desenvolvemento os contidos que permiten localizar, procesar, elaborar, almacenar e

ANEXO 1

presentar información, simular procesos tecnolóxicos e adquirir destrezas con linguaxes específicas, como a icónica ou a gráfica, co uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta.

2º ESO

Recursos na rede:

www.coinmino.com/mealurgiyamateriales.html	Información sobre os materiais metálicos
www.herramex.es/es/ HYPERLINK "http://www.wetpaint.com/"	Catálogos ferramentas
www.hotmail.com	Creación dunha conta de correo electrónico
www.yahoo.es	Creación dunha conta Yahoo
www.dibujotecnico.com	Información sobre acoutación
www.google.es	Busca de información na rede
www.coinmino.com/mealurgiyamateriales.html	
www.pchardware.org	Novidades en produtos informáticos e
información	
sobre compoñentes do ordenador	
www.ayuda-internet.net/links.html	Temas interesantes sobre o mundo de Internet
www.terra.es/chat	
www.amistad.ciudadfutura.com/areachat	Chats
http://www.educared.net/aprende/anavegar6/podium/D/833/principal.htm	
http://alipso.com/monografias/arquiorde/	
http://www.librosvivos.net/portada.asp	
http://www.aulacli.org/	

3º ESO

Recursos na rede:

www.blogger.com	Creación do blog da clase
www.wetpaint.com	Creación da páxina wiki da clase
www.hotmail.com	Creación dunha conta de correo electrónico
www.yahoo.es	Creación dunha conta yahoo
http://es.geocities.yahoo.com	Creación dun espazo web
www.google.es	Busca de información na rede
www.dibujotecnico.com	Información sobre acoutación
www.terra.es/persoal/jdellund/index.htm	Información sobre mecanismos
www.ree.es	Mapa da rede de transporte da enerxía
eléctrica	
www.mundoenergia.com	Información sobre enerxía e medio ambiente
www.ayudainternet.net/links.html	Temas interesantes sobre o mundo de Internet
www.terra.es/chat	Comunicacións en Internet
www.amistad.ciudadfutura.com/areachat	Comunicacións en Internet
www.ribbonsoft.com/qcad.hrml	Web do fabricante de QCAD.
www.crocodileclips.com/index.htm	Software comercial de simulación de electrónica.
http://www.educared.net/aprende/anavegar6/podium/D/833/principal.htm	
http://alipso.com/monografias/arquiorde/	
http://www.librosvivos.net/portada.asp	
http://www.aulacli.org/	

ANEXO 1

3º ESO DIV

Recursos na rede:

Estarán dispoñibles na aula virtual do curso

<http://www.edu.xunta.es/centros/ieschapela/aulavirtual/course/view.php?id=3>

4º ESO - DIV

Recursos na rede:

www.blogger.com	Creación do blog da clase
www.hotmail.com	Creación dunha conta de correo electrónico
www.yahoo.es	Creación dunha conta yahoo
www.wetpaint.com	Creación da páxina wiki da clase
www.hotmail.com	Creación dunha conta de correo electrónico
http://es.geocities.yahoo.com	Creación dun espazo web
www.google.es	Busca de información na rede
www.ribbonsoft.com/qcad.hrml	Web do fabricante de QCAD
www.crocodile-clips.com/index.htm	Software comercial de simulación de electrónica
www.designsoftware.com/EDISON.HTM	Software comercial simulación electricidade e electrónica
www.fluidsim.de/fluidsim/index3_e.htm	Descarga versión avaliación de programas de simulación
decircuitos pneumáticos e hidráulicos.	
http://www.olmo.pntic.mec.es/jmarti50/neumatica/neumatica.html	
www.unicrom.com	Recursos sobre electrónica, funcionamento dalgúns compoñentes (transistor) e historia da electrónica.
www.olmo.pntic.mec.es/%7Ejmarti50/portada	Recursos de electricidade e electrónica. Software de simulación.
www.microbotica.es	Recursos sobre microrrobots.
www.depeca.uah.es/alcabot	Concurso anual sobre microrrobots.
www.tdtcat.net/esp/home2.htm	Orientacións básicas sobre a televisión dixital terrestre
www.phonehouse.es	Información sobre os terminais móbiles existentes. Ofertas das compañías operadoras. Explicacións das novas tecnoloxías nos devanditos terminais.
www.elgps.com	O Sistema GPS. Documentos técnicos.
ww.empresa.movistar.com	Información sobre o funcionamento da (apartado Tecnoloxía) telefonía móbil.
www.ati.es/DOCS/internet/hisint	Historia de Internet.
www.bandaancha.st	Información sobre o acceso a Internet. Ofertas compañías.
www.icarito.tercera.cl/enc_virtual/e_tecnologia/historia/index.htm	Historia da Tecnoloxía.
www.educar.org/inventos	Multitude de datos sobre calquera invento, con ilustracións
www.biblioteca.redescolar.ilce.edu.mx/sites/colibri/cuentos/arte1/htm/sec_3.htm	
Inventos significativos da historia da humanidade, con ilustracións de banda deseñada.	